

# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2017)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

## Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.
21. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

## 1. Actividades de defensa da profesión

*As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:*

- 1.1. Concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes** (15 de febreiro). Dirixímonos a eles en relación coa convocatoria da Deputación de Pontevedra do Plan de Práctica Laboral 2017, informando das actividades profesionais dos/as biólogos/as.
- 1.2. GALP Grupo Ártabro Sur** (17 de febreiro). Solicitamos aclaración sobre as razóns de que para concurrir á praza de xerente as titulacións requiridas se circunscriban ás áreas de economía, administración de empresas, dereito, ciencias políticas, socioloxía e similares.
- 1.3. Campaña de erradicación do mapache** (*Procyon lotor* L.) en Galicia (22 de febreiro). Enviamos escrito á Directora Xeral de Conservación da Natureza xa que no prego de condicións técnicas para a contratación do servizo inclúese que o trampeo deberá realizarse cun can especialmente adestrado e cun instrutor canino con 3 anos de experiencia.
- 1.4. Concurso de traslados do SERGAS** (10 de marzo). En relación con este borrador, o Colexio interesa do SERGAS aclaración ao feito de que non está incluída a especialidade de Bioquímica Clínica.
- 1.5. Fundación Biodiversidad** (26 de abril). Convocatoria de Bolsas de formación para becarios. Solicitamos expresamente da Fundación Biodiversidad que as prazas nº 5 (ref 7/2017) e nº 6 (ref 8/2017) de Participación na área de pesca e acuicultura sostibles inclúan aos titulados en Bioloxía. A Fundación Biodiversidad con data de 28 de abril publica a modificación de ditas prazas incluíndoos.
- 1.6. Deputación Provincial de Ourense** (22 de maio). Ante a sinatura dun protocolo de colaboración coa ONG Waterkeeper Alliance (Robert F. Kennedy Jr.) para un posible estudo de protección de ríos na provincia, envíaselle escrito ao seu Presidente, pedindo información acerca do alcance do estudo e outros detalles. A Deputación de Ourense contesta o 1 de xuño aducindo a autonomía política e de xestión do goberno provincial.
- 1.7. Composición tribunal escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia** (31 de maio). Envíaselle escrito ao Sr. Conselleiro de Facenda transmitíndolle a nosa sorpresa xa que ningún biólogo forma parte nin do tribunal titular nin do suplente.
- 1.8. Fundación SEPI-REE** (3 de agosto). En relación coa convocatoria de becas da fundación, nas que non se inclúen biólogos/as entre os destinatarios, remítese escrito solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación. Con data de 25 de setembro contesta a REE facendo constar a presenza de biólogos entre os seu traballadores e a "gran consideración" que deles teñen e a posibilidade de contar coa nosa titulación en futuras bolsas en función das súas necesidades.
- 1.9. INGACAL** (11 de agosto). A convocatoria para contratación dun técnico I para o proxecto denominado "WETWINE SOE1/P5/E0300" exclúe a titulación de Bioloxía. Remítese escrito ao Director do Instituto solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación.
- 1.10. AIMEN** (27 de setembro). Publicada a convocatoria para contratación dun Técnico Senior Medio Ambiente [Ref.: 0801/16] nela exclúese a titulación de Bioloxía. Remítese escrito ao Centro Tecnolóxico solicitando a corrección da convocatoria coa inclusión da nosa titulación.

**1.11. AEMPS** (28 de setembro). En relación a convocatoria de Bolsas da AEMPS, e en concreto a bolsa FSMH5 ("Formación Relacionada con la Evaluación de Ensayos Clínicos con Medicamentos de uso Humano"), na que non se considera a nosa titulación, trasladamos ao Consejo General de COBs a necesidade de presentar recurso potestativo de reposición.

**1.12. SEAGA** (26 de outubro). En relación ao anuncio de setembro pasado de apertura de listas, enviamos escrito reiterando a nosa solicitude para que os biólogos sexan incluídos entre as titulacións para a selección de persoal temporal.

**1.13. INGACAL** (20 de novembro). O proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico I con cargo ao proxecto de investigación "Tecnoloxías para a detección rápida e control sectorial do impacto das micotoxinas na nutrición animal en Galicia (GALAC)" limita o requisito de titulación á de Química. Enviánselle escrito ao Director do INGACAL para que se permita o acceso tamén aos biólogos.

**1.14. Técnico Superior de Apoio da Investigación USC** (1 de decembro). O Colexio interpuxo recurso de reposición contra a resolución pola que se convoca a contratación de persoal laboral (praza 2016-PG014: Desenvolvemento de accións de comunicación e divulgación científica para a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC), ao non incluír os titulados en bioloxía entre os posibles candidatos. Dito recurso foi aceptado a trámite e estimado, conforme á nosa solicitude.

## 2. Alegacións presentadas

**2.1 Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Ambiente e O. do T.** (6 de marzo). Envíanse alegacións aos representantes das organizacións sindicais presentes na Mesa de Negociación relacionadas con diversos postos.

**2.2 Persoal investigador laboral** (26 de abril). Declaración do COBGA en relación co Decreto que regula o réxime de contratación de dito persoal da Administración Xeral e as entidades integrantes do sector público de Galicia. [\[Máis información\]](#)

**2.3 Microplásticos** (23 de maio). Remítense aos grupos parlamentarios da Cámara galega e tamén ás conselleiras do Mar e do Medio Rural as nosas reivindicacións no sentido de apoiar a adopción de medidas legais para prohibir o seu uso en produtos de uso humano (exfoliantes, cosméticos e dentífricos, principalmente).

**2.4 Grao de Biotecnoloxía Universidade de Santiago** (23 de maio). Envíanse ao Conselleiro de Educación e ao Servizo de Programación Académica da USC as alegacións que formula o COBGA.

## 3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

### 3.1. Comisi3n de Medio Ambiente.

A Comisi3n de Medio Ambiente celebrou unha reuni3n o 10 de novembro para tratar o asunto da 3ltima vaga de incendios forestais en Galicia do mes de outubro.

## 4. Actividades de formaci3n e xornadas t3cnicas

Unha das funci3ns do COBGA especificadas nos seus Estatutos 3 a de organizar cursos para procurar a formaci3n permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos bi3logos.

- 4.1. **Microsoft Powerpoint 2010.** On line. 1ª edici3n. 9-29/I/17. 12 alumnos
- 4.2. **Microsoft Word 2010. Nivel avanzado.** On line 1ª edici3n. 6-26/II/17. 21 alumnos.
- 4.3. **Microsoft Excel 2010. Nivel avanzado.** On line. 1ª edici3n. 27/II-19/III/17. 25 alumnos.
- 4.4. **Curso de Problemas de Xen3tica, Bioqu3mica e Ecolox3a.** Santiago, 27/III-7/IV/17. 10 alumnos.
- 4.5. **Curso de Iniciaci3n en Xesti3n e Control de Flora Ex3tica Invasora.** Santiago, 25-31/X/17. 9 alumnos.

## 5. Bolsa de Empleo

Enviáronse 12 ofertas específicas fundamentalmente relacionadas cos sectores alimentario e ambiental. A meirande parte das recibidas inclúense nos NOVAS, xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.

## 6. Servizo de información

### 6.1. NOVAS COBGA.

En 2017 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo as súas 12 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Empleo; Bolsas, axudas e subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a colexiadas/os; Lexislación.

### 6.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folla informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 20 páxinas. 40 edicións. Ademais, os mércores envíase un avance chamado PRENOVAS.

### 6.3. Páxina web.

Visitas en 2017: 75.899; Directorio: 7.324; NOVAS COBGA e NOVAS Semana: 7.387

### 6.4. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións: 363; "Me Gusta" na Páxina: 1.554; Alcance: 275.788; Clics nas publicacións: 17.087. Reaccións, comentarios e veces que se ten compartido: 7.193.

- Twitter:

Tuits: 394; Impresións de Tweets: 125.864; Visitas ao perfil: 5.137; Mencións: 139; Novos seguidores: 272.

- LinkedIn:

Contactos: 1.786.

- Google+:

Publicacións: 244; "+1" nas nosas publicacións: 83; Comentarios: 4; Publicacións compartidas: 22



## 7. Outros servizos colexiais

En 2017 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

### 7.1. bens e servizos:

PRINCIPIA (publicación de ciencia ilustrada); Centro de Iniciativas Empresariais MANS (estancia en coworking); Fílmate (fotografía, video e música); Clínica Baltar (odontoloxía); Unión Madrileña de Seguros; Óptica Hermo; AEGON Seguros; Iberorest (formación en medio ambiente); Aula Genyca (formación en xenética molecular, clínica e bioinformática); OCA Hotels; Manzanedas's Peak (campamentos de verán de inmersión lingüística); Cestola na Cachola (produtos artesáns de economía social); ASPY PREVENCIÓN; Mimadriña (artesanía da Costa da Morte); Lara Harrán Clínica Dental; Eurostars Hotels; Eloymar Tranvías; Hotel Louxo-La Toja; ASISA; Hotel Vía Argentum; Escuelas Infantiles PSN Bicos; Pousadas de Compostela; ADESLAS SecurCaixa; Mercatinta; Campus Stellae (coworking); Hoteles Culturales Temáticos; Victoria Terán-Generali Seguros; Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos); Hotel Real; eHabilis (plataforma e-learning); Solid Forest (software para cálculo huella de carbono); San Francisco Hotel Monumento; Editorial Hélice.

### 7.2. actividades de formación (matrícula):

UNED-Centro Universitario de Idiomas Digital y a Distancia (CUID); TerraFirme (formación en xestión ambiental); Escuela de Negocios Caixanova; EUROPEAN BUSINESS FACTORY (antes Escuela Europea de Negocios); Depto. Toxicología y Legislación Sanitaria Fac. Medicina UCM; IVI Vigo; OELS Official English Language School; IDEA Educación Integral; La Academia; <http://www.preparador-opos-biogeo.es/>; AIDICS; Estandar Gestión Alimentaria; SGS; FEUGA; GENYCA Innova; MCA Formación on line; Transmitting Science/Institut Catalá de Paleontologia Miquel Crusafont; Instituto Madrileño de Formación; IMASGAL; Beacon Biomedicine; Centro de Áreas de Formación; ANTEGA; Art With Future y Fran Lorenzo; Sanea Control; Genforen; IMAGEMASTER; Aula Estudio; E-learning Forest; Centro de Estudios Colegiales del Colegio de Médicos de Barcelona; Inbiogal; Ambientum Formación.

### 7.3. Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).

## 8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

**8.1. XII Olimpíada de Bioloxía** - Fase Galega. Celebrouse o día 13 de xaneiro na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. [\[nota 1\]](#) [\[nota 2\]](#) [\[referencias na prensa\]](#) [\[A Revista TVG\]](#)

**8.2. Nota de prensa sobre os microplásticos e a súa problemática.** [\[nota de prensa\]](#) [\[tele 1\]](#) [\[tele 2\]](#) [\[radio 1\]](#) [\[radio 2\]](#) [\[referencias na prensa\]](#)

**8.3. Nota de Prensa Día do Biólogo 2017.** [\[nota de prensa\]](#) [\[nota de prensa 2\]](#) [\[repercusión prensa\]](#)

**8.4. Día Mundial do Medio Ambiente 2017.** [\[nota de prensa\]](#)

**8.5. Nota de Prensa do CGCOB sobre a situación dos biólogos sanitarios.** [\[nota de prensa\]](#) [\[entrevista Decano 1\]](#) [\[entrevista Decano 2\]](#) [\[radio\]](#)

## 9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

### 9.1. Actos de graduación:

- O acto da Facultade de Bioloxía en Santiago celebrouse o 9 de xuño no Auditorio de Galicia. Representou ao Colexio o seu decano.
- O acto da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña tivo lugar o 16 de xuño na Facultade de Informática e nel participou o decano.
- O acto da Facultade de Bioloxía da Uvigo desenvolveuse no Salón de Actos do Edificio de Ciencias Experimentais o 22 de xuño coa asistencia do decano.

**9.2. Comité Consultivo da Facultade de Bioloxía da USC.** A súa primeira reunión tivo lugar o 20 de decembro en Santiago sobre as modificacións no Grao en Bioloxía. Nela participou o decano do Colexio.

**9.3. Medallas de Galicia.** O 24 de xullo na Cidade da Cultura de Santiago o decano representou ao Colexio neste acto de homenaxe e recoñecemento.

**9.4. Xornada: Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia. Xornadas de creación do grupo de traballo.** O 18 de xullo na Sala Eisenman da Cidade da Cultura, Santiago de Compostela. Asiste Alfonso Bar en representación do Colexio.

### 9.5. Reunións Consejo General Colegios de Biólogos:

- A Comisión de Sanidad tivo reunión o día 1 de abril en Madrid, á que asistiu o decano.
- Reunión Comisión de Sanidad e Permanente do Consejo dos días 7 e 8 de xullo. Participou o decano.
- O Pleno celebrou sesión os días 22 e 23 de setembro en Madrid, coa asistencia do decano.
- Reunión Comisión de Medio Ambiente celebrada en Madrid o 18 de novembro, coa asistencia de Pedro Pablo Gallego.
- Conferencia de Decanos de Bioloxía. Sesión celebrada en Palma de Mallorca os días 27 a 29 de abril. Asistiron o decano e o vogal Pedro Pablo Gallego.
- Conferencia de Decanos de Bioloxía. Sesión celebrada o 23 de novembro en Madrid, coa asistencia de Pedro Pablo Gallego.

**9.5. Escola Galega de Administración Pública.** O 29 de setembro Mercedes Casal (vogal) entrevistouse coa súa Directora, a respecto do Curso de Iniciación en Xestión e Control de Flora Exótica Invasora.

**9.6. Situación da educación ambiental en Galicia.** O encontro celebrouse o 3 de novembro no Centro de Interpretación Ambiental de Santiago e serviu para valorala en relación coas administracións públicas. Asistiu o xerente en representación do COBGA.

**9.7. Xornada sobre Intrusismo Profesional.** Organizada pola Unión Profesional de Galicia, tivo lugar na EGAP o 22 de novembro. O xerente representou ao Colexio.

**9.8. 25 aniversario do IGafa.** O 1 de decembro, asistiu o Tesoureiro á celebración en representación do Colexio, incluída a presentación do libro "IGafa: 25 anos de historia (1992-2017).

## 10. Varios

### 10.1. Día do Biólogo

O Colexio celebrou de novo o día 16 de maio o Día do Biólogo no Pazo de Adrán (Calo-Teo). Á cita asistiron 15 dos colexiados que suman 25 anos ininterrompidos no Colexio, que foron obxecto de recoñecemento pola súa pertencencia a el, por medio de insignia e diploma conmemorativo. En nome dos homenaxeados pronunciou unhas palabras, Andrés Pilas, director de AMBICAL Proyectos. Este ano os colexiados distinguiron como Biólogo do Ano a D. Fernando Cobo Gradín, Profesor titular de Zooloxía na Universidade de Santiago e fundador e Director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da propia USC, pola súa tripla e xa recoñecida vocación de docencia, investigación e divulgación do coñecemento sobre ecosistemas de augas continentais Así mesmo, foi elixida como Empresa do Ano, La Voz de Galicia, polo seu programa Voz Natura, dado o seu relevante papel de divulgación ambiental entre alumnos e profesores, fomentando actitudes cidadáns positivas cara o medio ambiente. Recolleu o galardón D. José Luis Vilela Conde, Director do xornal. Finalmente, entregouse o título de Membro de Honra a D. Emilio Rolán Mosquera, Doutor en Bioloxía e experto mundial en taxonomía de moluscos mariños. É un dos malacólogos máis citados do mundo, posuídor dunha excelente colección de cunchas (25.000 lotes catalogados), moitos deles doados ao Museo de Historia Natural da USC. Neste caso, a distinción foi recollida polo seu neto Carlos, ante a ausencia do interesado por motivos de saúde.

### 10.2. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.

Celebrouse o día 13 de xaneiro en Santiago e foi xa a duodécima edición do certame. Nela participaron 115 estudantes de 35 centros de secundaria de Galicia. Resultaron gañadores: Uriela García Rico, do IES de Melide; Javier Miñones Ginarte, do Colexio M. Peleteiro, de Santiago e Iago Riveiro Rodríguez, do IES Rosalía de Castro, de Santiago, que representaron á nosa comunidade na Fase Nacional, celebrada en Pamplona no mes de marzo.

**10.3. Convenio de Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.** Foi asinado o 30 de outubro e nel se comprometeu a apoiar a Olimpíada de Bioloxía. Entre outros compromisos está o de recoñecer ao profesorado participante con 15 horas de formación (25 horas para os asistentes a fase nacional).

**10.4 Fundación Biodiversidad.** O Colexio de Biólogos de Galicia presentou o proxecto titulado "Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia" á convocatoria 2017 do Programa Pleamar da Fundación Biodiversidad do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, cofinanciado polo FEMP. O Colexio e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) en condición de socio, obtivo a financiación que permitirá desenvolver dito proxecto ao longo do ano 2018. A actuación levarase a cabo nun dos enclaves do Parque Nacional, en concreto o arquipélago de Sálvora tanto na superficie terrestre como mariña. O obxectivo principal é recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños no parque desde a sustentabilidade.

**10.5. Asociación Profesional de Biólogos da Xunta de Galicia.** Recentemente constituída, mantiveron unha reunión de presentación o 21 de novembro na sede colexial.

**10.6. Asociación de Estudiantes de Biología de España.** Celebrouse unha reunión co seu representante en Vigo o 22 de decembro para falar de posibles vías de colaboración entre as dúas institucións. Asistiu Pedro Pablo Gallego (vogal).

## 11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

**11.1. Toma de Posesión dos cargos da Xunta de Goberno.** Celebrouse o 7 de abril en Vigo.

**11.2. A Xunta de Goberno** celebrou 2 reunións en 2017: a ordinaria foi o día 5 de abril. A sesión extraordinaria, o día 25 de febreiro. A **Xunta Xeral** ordinaria de colexiados celebrouse o día 26 de abril.

**11.2. Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia.**

- Asamblea General Extraordinaria. Celebrada o 3 de febreiro. Asiste o Decano.
- Asamblea General Extraordinaria. Celebrada o 30 de xuño. Asiste o Decano.
- Asamblea General. Celebrada o 28 de decembro. Asiste o Decano.

## 12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento.

- José Pelayo Míguez Baños (decano). Gastos de viaxe e representación reunións pleno e permanente Consejo General de Colegios de Biólogos, xornadas de actividades profesionais, actos de graduación, olimpiada de Biología, etc. 2.173,64 €
- Pedro Pablo Gallego Veigas (vogal). Reunións Comisións Consejo General COBs e Conferencia de Decanos de Biología. 591,35 €
- Mercedes Casal Jiménez (vogal). Entrevista Directora EGAP. 9,95 €

## 13. Informe anual de xestión económica

### GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Comunidade	197,76
Asesoría xurídica + Notario + Registrador Mercantil	3.000,73
Primas de seguro (Local, persoal e Olimpíada)	860,31
Servizos bancarios (Banca-e, emisións recibos, gastos devolucións, tarxeta)	992,30
Intereses préstamo 000452 ABANCA (1)	8.891,85
Dotación amortización anual (local, mobiliario, equipos informáticos) (2)	9.035,45
Mantemento web	2.146,30
Teléfono + Teleconferencia	1.054,33
Auga e recollida lixo	247,85
Electricidade (incluída calefacción)	1.514,70
Sistema de seguridade	688,20
Limpeza local, reparación-conservación, extintores	2.382,78
Material de oficina	202,09
Copias multifunción	386,94
Día do Biólogo	1.144,00
Franqueo correspondencia e renovación Apartado de Correos	372,39
Cuota Unión Profesional de Galicia	500,00
Obsequios e gastos representación (pins colexiados 25 anos, pins bioloxía, placas, participantes xornadas informativas, gastos Olimpíada)	2.733,80
Transferencias a Consejo Gral. COBs	7.985,34
Gastos reunións CGCOB	7.311,29
Tributos: IBI local 2017 + liquidación 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 + IBI garaxe	2.223,94
Asesoría contable e fiscal	2.680,15
Auditoría contas exercicio 2016	907,50
Soldos e Salarios	57.897,90
Seguridade Social empresa	18.266,49

Gastos actividades formación		3928,00
Plataforma teleformación eHabilis		706,22
Gastos intereses póliza crédito Abanca		808,42
Imposto de Sociedades		191,56
Outros gastos (flores, taxas Xunta, batería cámara...)		166,46
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>139.425,04</b>

TRABAJADOR	TOTAL DEVENGADO	SEG.SOCIAL EMPRESA	TOTAL COSTE
Oficial Administrativo	23.503,72 €	7.415,43 €	30.919,15 €
Xerente	34.394,18 €	10.851,06 €	45.245,24 €
<b>TOTAL</b>	<b>57.897,90 €</b>	<b>18.266,49 €</b>	<b>76.164,39 €</b>

### INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Emisións recibos + cotas inscricións	123.983,31

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Visados	50,54
Rexistro traballos profesionais	0,00
Compulsas	3,00
Certificados oficiais	0,00
Inscricións Día do Biólogo	450,00
Cotas inscrición actividades formación	3.510,00
Aluguer praza de garaxe nº 62	334,71
Ingresos por Servizos ao persoal	51,72
Reintegro Gastos CGCOB	9.698,09
Outros ingresos: indemnizacións, publicidade, etc	381,00
Subvencións capital transferidas ao exercicio	119,94
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>138.582,31</b>

Resultado: Diferencia Ingresos-Gastos	-842,73
---------------------------------------	---------

Diferencia Amortización Préstamo Local	4.514,70
--	----------

Resultado Final (Resultado-Amortización Local)	-5.357,43
--	-----------

## 14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	51,50
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Compulsas colexiados	0,15
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado
- Inscrición Rexistro traballos profesionais	0,1B (252,73 €) + IVE
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31



## **15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.**

- Ao longo do ano 2017 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

## **16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.**

- Ao longo de 2017 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

## **17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.**

- Acometerase a actualización do código deontolóxico.

## **18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2017 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **19. Estatísticas colexiacións.**

- En 2017 producíronse 39 altas (12 tipo B, 25 tipo C, 2 traslados) e 60 baixas (53 voluntarias, 1 por falecemento e 6 por morosidade). O activo a 31/12/2017 é de 1.254 colexiadas/os.

## **20. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2017 foi sometida ao trámite de visado colexial unha memoria relacionada coa xestión de recursos mariños vivos.

## **21. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.**

- En 2017 non foi inscrita ningunha memoria neste rexistro.